

## ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**6 de marzo de 2023**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día seis de marzo de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste Don Uxío Benítez Fernández (BNG) quen desculpa a súa ausencia.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sra. Presidenta.- Bueno, bo día a todas e a todos. Iniciamos este Pleno extraordinario de 6 de marzo do 23, que ten 2 puntos da orde do día, e temos acordado entre os 3 grupos que conforman a Corporación provincial debatilos conxuntamente aínda que logo os votemos por separado. Polo tanto, iniciamos este Pleno extraordinario.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.7959.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2023 (EXPTES. 2023012367 – 2023011470)**

Sra. Presidenta.- No punto 1: Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 2/23; e no punto 2: Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 “Programa Pon 2030”. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Buenos días a todas y a todos. Traemos a aprobación, como se ha dicho en el orden del día, el expediente de modificación de crédito 2/23, que incorpora por un lado un crédito extraordinario y por otro suplementos de crédito a distintas partidas del presupuesto. Esta modificación de crédito va servir para financiar un conjunto de programas de ayuda para los concellos y las inversiones propias de Diputación, todos ellos recogidos en el marco del Plan, como se decía, Pon 2030 que le recuerdo que moviliza un total de 34,4 millones destinados al impulso de acciones para el cumplimiento de la Agenda 2030. En concreto y desglosando, el expediente de crédito extraordinario se eleva a 24,7 millones de euros destinados a completar 2 de los programas del Plan Pon 2030. Uno de ellos es el programa específico “Pon 2030” para concellos con 22 millones y el otro es el programa para emergencias de inundaciones con 2,7 millones. En el caso del Programa “Pon 2023”, al que me referiré al ver, “Pon 2030”, perdón, para los concellos, al que me referiré luego, trasladar que la filosofía de este programa es, como en anteriores ocasiones, con criterios transparentes y objetivos como el habitual de que los concellos puedan presentar proyectos maduros. En cuanto al expediente de suplemento de crédito es por un importe total de 8.046.000 euros, de ellos 7 millones forman parte del Plan 2030 con el objetivo de conseguir que el Convento de Santa Clara, propiedad de esta administración sea rehabilitado con fines museísticos, el resto son bajas de servicios de infraestructura. Se destina un 1 millón de euros para ampliar la inversión destinada a conservación integral de la red viaria provincial. Decía que este Plan 2030, que traemos a su aprobación, es un nuevo programa extraordinario, es el quinto, quiero recordar, que ya se aprobaron y desarrollaron PICEI, Reequilibrio, Depo-REMSE y REACPON. Es un programa extraordinario que ofrece nuevas oportunidades a los concellos para mejorar la



calidad de vida de sus vecinos y vecinas y, por lo tanto, es una puesta para reforzar a los municipios más rurales. Van a tener la posibilidad de acceso a financiaciones extraordinarias para la realización de proyectos que, evidentemente, no se podrían hacer en condiciones normales. En concreto y en esta convocatoria, por ir a lo específico, es por un importe de 22 millones de euros a disposición de los concellos, y se admite una financiación máxima por proyecto de un 90% del Plan Concellos 2023, de cada uno de los concellos, y hasta un tope de 1 millón de euros. Y por otro lado una financiación mínima por proyecto de un tercio de cada uno de su Plan Concellos de 2023. Está destinado a 4 tipos de obras: Rehabilitación de equipamientos y dotaciones; construcción de nuevos equipamientos y dotaciones la segunda; la tercera recuperación, mejora de urbanización de espacios públicos; y la novedad es la cuarta de esta convocatoria, es la financiación de inversiones para el cumplimiento de la Ley 7/22, de Residuos y Suelos Contaminados, para una economía circular con la que el Gobierno de España cumple con los objetivos marcados por la Unión Europea. Las bases siguen la línea del Programa REACPON, el máximo de 100 puntos se distribuyen en relación con los proyectos: 30 puntos corresponden con la madurez del proyecto; 30 con la contribución a una economía descarbonizada; 30 con la calidad del proyecto y 10 con la consecución de objetivos Agenda 2030. La novedad principal de estas bases es que optamos por flexibilizar la disponibilidad de los terrenos afectados, y ahora se permite que si la cesionaria es otra administración pública sirva una cesión genérica. En cuanto a los plazos se fija el 30 de abril de 2025 y el de justificación el 30 de septiembre de 2025. También vuelven a ser compatibles con otro tipo de ayudas que se puedan obtener y, por lo tanto, en conclusión nace un nuevo plan extraordinario “Pon 2030” que con 22 millones es un paso más en la lucha contra el reto demográfico. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Mosquera ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Bos días a todas e a todos. En primeiro lugar desculpar a presenza de Uxío Benítez que tiña unha viaxe programada e non, vamos, ó convocar o pleno non puido anulala. Ben, con respecto aos dous puntos que nos, bueno, que están na orde do día, eu quería facer unha serie de comentarios, ¿non?, os datos que xa os acaba de decir Carlos Font. En primeiro lugar, tivemos certas dúbidas en sacar esto agora ou non, digo polo período que era, estimamos que era mellor sacalo porque se hai cambio de corporación arrancas outra vez, total que se perderían 6 ou 8 meses, ¿eh?, para facer algo de este tipo, e os prazos aínda que pareza que estamos do obxectivo



2030, pois corren, de feito estas obras van para o 25, estas actuacións e veremos si non haberá que prorrogalos en algún caso. Polo tanto, era ganar, era ganar uns meses, ¿non?, para avanzar nesta, na dirección que nós temos fixado, ¿non?. En segundo lugar, quero dicir, que non se esgotan, ou sea, a situación económica desta Deputación é boa, por unha serie de circunstancias, ¿non?, incluso por maiores ingresos, basicamente, e polos remanentes, non se esgotan, ou sea, que digamos que a próxima corporación vai ter marxe de maniobra para acometer novas actuacións ou incluso facer fronte, si é que agardemos que non suceda pero si é que sucederá a que siga subindo pois, a enerxía eléctrica, os combustíbeis ou o que sexa e demais, ¿non?. Entonces, bueno, estimouse que era millor pois sacalo para gañar eses meses, ¿non?, e non que nos concellos cambio de corporacións, mentres arrancan non arrancan, non sería procedente facelo inmediatamente, é dicir, si toman posesión en xuño as novas corporacións e hai cambios, pois mentres arrancan, fan o proxecto e non fan tal, non sería serio facerlle, facerlle presentar un proxecto pois eso, pois en agosto ou setembro, ¿non?, non daría tempo, entonces é por ganar, por ganar ese tempo. Outra apreciación que quería facer é que aquí máis ou menos, de todo o que estamos falando, máis do 70% vai para os concellos, cumprindo co compromiso de que todo o que poidamos dirixilo, enfocalo para os concellos e con prioridade ou con máis facilidades para os concellos pequenos, eso creo que cumprimos exquisitamente co noso compromiso de facer todos os esforzos para compensar para que os concellos con menos capacidade teñan máis facilidades. E por último, pois, como é coñecido, pois, o Museo e Santa Clara, pois é, vamos, é unha aspiración que temos de facelo canto antes e, polo tanto pois, métense, bueno, pois unhas cantidades, 7 millóns, para ir avanzando no financiamento da Deputación, evidentemente a Deputación por si soa nun ano non podería facer eso pero si vai facendo peto, digamos, e poñendo os cartos pois é moito máis fácil que coas axudas que poden vir ou coa colaboración que pode vir da Xunta ou do Estado pois poder canto antes facer fronte a isto, en caso negativo que agardo que non sexa así que haxa esa colaboración pois poidamos, digamos, pois incluso si fai falta facelo só desde a Deputación pero para eso temos que ir poñendo digamos fondos para poder afrontar unha actuación tan ambiciosa como é a de Santa Clara.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Sr. Cubela, ten a palabra.

Sr. Cubela López.- Si, agora. Tres e anos e medio a aínda o do vermello e o verde é cando toca. Bos días a todos. En definitiva esto é algo co que o Partido Popular



está de acordo, imos a votar a favor dos dous puntos. No último tramo do mandato, pois parécenos estupendo que se vaian adicar estes fondos aos concellos e, polo tanto sen poñer nin un só pero anunciamos que votamos a favor. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias... (*non se escoita*) ... máis palabras someto a votación. En primeiro lugar o primeiro punto da orde do día. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito número 2/2023. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/23), por importe de 24.720.016,00 €, suplementos de créditos (SUP.02/23), por importe de 8.046.799,24 €.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 02/23), parte con baixas por anulación por importe de 2.720.016,00 €, e con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, a parte restante, cuxo detalle se indica posteriormente.
- Os suplementos de créditos (SUP. 02/23), por unha parte con baixas por anulación por importe de 1.046.799,24 €, para as propostas de Infraestruturas, e con maiores achegas a conta sobre as previstas no orzamento da Participación nos Tributos do Estado (Fondo complementario de financiación) para afrontar as melloras de Santa Clara, por importe 7.000.000,00 €.

Resultando que a Intervención emite informe de data 23 de febreiro de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.



Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 02/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/23) por importe de 24.720.016,00 €, suplementos de créditos (SUP.02/23) por importe de 8.046.799,24 €, financiados con baixas por anulación por un importe total de 3.766.815,24 €, con maiores ingresos pola cantidade de 7.000.000,00 € e con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais na cantidade de 22.000.000,00 €. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

### 1. Créditos Extraordinarios “EXT. 02/23”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9420-762.74	A CONCELLOS_INVESTIMENTOS, PROGRAMA: "PON 2030" _ COOPERACIÓN (Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para execución da axenda 2030)	22.000.000,00 €
942-9428-462.97	A CONCELLOS, PROGRAMA EMERXENCIAS INUNDACIONES, GASTO CORRENTE_ COOPERACIÓN (Plan extraordinario para reparacións dos danos causados polas inundacións acometidas nos Concellos da Provincia)	1.220.016,00 €
942-9428-762.97	A CONCELLOS, PROGRAMA EMERXENCIAS INUNDACIONES, INVESTIMENTOS_ COOPERACIÓN (Plan extraordinario para reparacións dos danos causados polas inundacións acometidas nos Concellos da Provincia)	1.500.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	24.720.016,00 €



## Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 02/23:

A) O PROGRAMA EMERXENCIAS INUNDACIÓNS, finánciase na súa totalidade con baixas por anulacións dos importes sobrantes do PLAN EMERXENCIAS POLA SECA de 2022.

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-9427-462.97/2022	A CONCELLOS, PLAN EMERXENCIAS POLA SECA, GASTO CORRENTE _COOPERACIÓN	-1.436.828,00 €
942-9427-762.97/2022	A CONCELLOS, PLAN EMERXENCIAS POLA SECA, INVESTIMENTOS _COOPERACIÓN	-1.283.188,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-2.720.016,00 €

B) O novo programa de investimentos para Concellos: "PON 2030", finánciase na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.01	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...</i>	22.000.000,00 €
	Total Ingresos...	22.000.000,00 €

## 2. Suplemento de Crédito “SUP. 02/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
333-3330-632.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS, MELLORAS _MUSEO (Obras Santa Clara)	7.000.000,00 €
456-4530-210.00	INFRAESTRUTURA, BENS NATURAIS (REDE PROVINCIAL)_ INFRAESTRUTURAS (Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra)	1.000.000,00 €



456-4530-633.01	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE, REPOSICIÓN_ INFRAESTRUTURAS (Traslado e reinstalación de diversos equipos fixos do taller mecánico do Parque de Maquinaria na nova sede do Parque no Polígono de Barro)	46.799,24 €
	Total Suplementos de Créditos...	8.046.799,24 €

### Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 02/23:

A) Os importes correspondentes ao traslado e reinstalación de diversos equipos fixos do taller mecánico do Parque de Maquinaria na nova sede do Parque no Polígono de Barro e para o Servizo de conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra, fináncianse con baixas por anulacións da aplicación incorporada a 2023: 456-4530-612.02/2022 “Investimentos en Estradas \_Infraestruturas”, ditas dotacións son reducibles sen perturbación dos respectivos servizos.

Contabilizándose as seguintes operacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-4530-612.02/2022	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS _INFRAESTRUTURAS	-1.046.799,24 €
	Total Baixas por anulacións...	-1.046.799,24 €

B) O resto do expediente destinado a investimentos nas obras de Santa Clara, finánciase con maiores achegas a conta sobre as previstas no orzamento da Participación nos Tributos do Estado (Fondo complementario de financiación).

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-420.10	P.T.E., Fondo complementario de financiación, (maiores achegas a conta sobre as previstas no orzamento)	7.000.000,00 €
	TOTAL...	7.000.000,00 €

*Resumo do expediente:*

TOTAL SUPLEMENTOS...	8.046.799,24 €
----------------------	----------------





TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	24.720.016,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-3.766.815,24 €
SUMA...	29.000.000,00 €

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

#### ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directo.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	7.000.000,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
<i>INGRESOS NON FINANCEIROS...</i>	7.000.000,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	22.000.000,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<i>INGRESOS FINANCEIROS...</i>	22.000.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOOS...	29.000.000,00 €

#### ORZAMENTO DE GASTOS

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	1.000.000,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	-216.812,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	6.000.000,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	22.216.812,00 €
<i>GASTOS NON FINANCEIROS...</i>	29.000.000,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
<i>GASTOS FINANCEIROS...</i>	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOOS...	29.000.000,00 €

**Segundo:** Este expediente de modificación de créditos número 02/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.02/23), por importe de 24.720.016,00 € e suplementos de créditos (SUP.02/23) por importe de 8.046.799,24 €, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles,



contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

2.7960.- **BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030 – PROGRAMA PON2030 (EXPTE. 2023010533)**

O debate deste punto 2 prodúcese conxuntamente co punto 1 desta sesión plenaria.

Sra. Presidenta.- No punto 2: Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 “Programa Pon 2030”. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade. Non habendo máis asuntos na orde do día levántase a sesión.

Dáse conta das Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, que xorde da necesidade específica de que as administracións fagan unha política económica resiliente para vertebrar o territorio con novos elementos que sirvan para facelo máis resistente á inercia dos ciclos económicos adversos. Con este fin, articúlanse catro liñas de actuación sobre catro eixes específicos (rehabilitación de edificios, nova edificación, espazos urbanos e residuos) que baixo o marco da sustentabilidade contribúan á dinamización socioeconómica e á integración social desde o punto de vista económico, social e de xénero, estando aliñadas coas actuais prioridades da Unión Europea, baseadas nos ODS da Axenda 2030 e nas políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



Polo tanto, o presente documento contén as bases reguladoras que rexerán un programa de carácter bienal en canto á súa execución, financiado con fondos propios da Deputación, que, de conformidade co establecido na D.A. Oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coa aprobación polo Pleno Provincial, constituirá a súa normativa específica. As bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia competitiva, dota de seguridade xurídica ao procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista toda a documentación relativa ao citado programa que obra no expediente; vistos os informes da xefa do Servizo de Cooperación de 24/02/2023 (CSV: D2CA6MQSVD9Q13R5) e da Intervención Provincial de 24/02/2023 (CSV: EM56AXI1L43RKOV9); e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 01/03/2023 (CSV: HGVXBTZ9K02TP8J2), o Pleno acorda por unanimidade:

1º. APROBAR as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, financiado pola Deputación de Pontevedra cun orzamento de vinte e dous millóns (22.000.000,00) de euros, imputables contra a aplicación orzamentaria 23/942.9420.762.74, na que se está a tramitar o pertinente expediente de modificación de crédito e condicionado á súa aprobación.

As bases reguladoras (CSV: EY7IHLD0DI09XNXW) din como segue:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA  
PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES  
PARA A EXECUCIÓN DA AXENDA 2030

Programa PON2030

## INTRODUCCIÓN

No marco do previsto no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e nos artigos 32 e 33 do R.d.l. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, a Deputación de Pontevedra puxo en marcha o Plan Concellos,



renovado e adaptado en función das necesidades específicas para cada anualidade, co que se lle pretende dar cumprimento á obrigaón das deputacións de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e aos servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deben participar os municipios da provincia.

Estes plans nos últimos anos concibíronse implicitamente como ferramentas para garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, asegurando para o conxunto das veciñas e veciños unha prestación adecuada e íntegra dos servizos de competencia municipal pero desde a base dunha maior eficacia, eficiencia e coordinación, tal e como se dispón na Lei 7/1985, de 2 de abril.

Os citados plans supuxeron un grande avance para o funcionamento xeral dos concellos da provincia, evitando a improvisación e a carencia de perspectivas estables en canto ao financiamento municipal. Deste xeito, os concellos poden facer previsións realistas das achegas da Deputación para desenvolver as súas actividades e realizar investimentos.

Con todo, persisten dificultades territoriais ou singulares afeccións debido á falta de implantación de servizos de interese xeral. Nos últimos anos o Plan Concellos está a permitir unha colaboración baseada nunha repartición equitativa, en función de criterios obxectivos e tratando por igual a todos os concellos da provincia. Non obstante, aínda persisten carencias por motivos variados.

Por iso, o Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) foi promovido pola Deputación de Pontevedra, no marco das súas atribucións legais, contidas na vixente lexislación de réxime local, con carácter de instrumento para cooperar coas entidades locais da provincia. Así mesmo, o plan créase como unha modalidade de asistencia económica aos concellos, segundo as necesidades municipais solicitadas.

A estratexia provincial de transformación da Deputación de Pontevedra realiza unha clara aposta por un crecemento sólido e inclusivo e para iso é necesario realizar accións xeradoras de cohesión territorial.

Para abordar os retos do futuro necesitamos concellos con infraestruturas, espazos e equipamentos que contribúan a prestar servizos de calidade e



inclusivos. Por iso desenvolveuse o Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia) cos seguintes obxectivos:

- Garantir dereitos e servizos, especialmente nas áreas de coidados de menores, cultura, deporte e dinamización social.
- Loitar contra o despoboamento fomentando a igualdade de oportunidades no ámbito rural e no urbano.
- Sostibilidade (eficiencia enerxética e enerxías limpas) no uso da auga, no saneamento e na enerxía dos servizos e das instalacións públicas.
- Conectividade e dixitalización para ser máis eficientes e eficaces na prestación de servizos.
- Accesibilidade no acceso a equipamentos, espazos e infraestruturas locais no medio rural.

Para permitirlles aos concellos a transformación necesaria para afrontar os tempos que veñen avanzando no cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030, tendo en conta a singular forma histórica de ocupar o territorio da poboación da provincia e sendo por iso un alicerce básico a necesaria cohesión territorial, confecciónanse as Bases reguladoras do Programa PON2030.

Ao mesmo tempo, estas bases, dada a súa natureza de ferramenta de asistencia e cooperación económica coas entidades locais da provincia, teñen o carácter de normativa propia que se lles atribúe aos plans de cooperación, en virtude da disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

En coherencia cos obxectivos expostos e coas circunstancias actuais, este programa deséñase para dar cumprimento a dúas finalidades complementarias entre si:

- Proporcionarlles aos concellos da provincia de infraestruturas e dotacións de carácter singular, é dicir, que dificilmente poderían afrontar con fondos propios ou co Plan Concellos.
- Avanzar na consecución dos obxectivos 2030 e nas liñas mestras definidas para os fondos Next Generation.

Polo tanto, trátase dun programa que xorde da necesidade de que as administracións fagan unha política económica resiliente para vertebrar o



territorio con novos elementos que sirvan para facelo máis resistente á inercia dos ciclos económicos máis adversos, e iso é posible debido ao importante grao de compromiso social das políticas públicas desta Deputación e que, nun momento como o actual, poden levarse a cabo grazas á capacidade financeira da que dispón, tras o esforzo dos últimos anos para conter o gasto e reducir a débeda, en relación con outras institucións ou organismos.

## ANTECEDENTES

Tendo en conta as características tan dispares dos concellos da provincia de Pontevedra, que se estenden a outros aspectos socioeconómicos, supón un reto á hora de expoñer políticas públicas de cohesión territorial que integren todo o territorio e a poboación e que permitan a prestación de servizos públicos de calidade de maneira equitativa.

As áreas menos poboadas, que se ven privadas da posibilidade de gozar de servizos dispoñibles nas áreas urbanas. Por iso, e tendo en conta o efecto negativo que a nivel demográfico pode producir a concentración de servizos nos concellos de maior poboación, expónse a necesidade de mellorar a cohesión territorial a través deste proxecto vertebrador, que servirá para dotar de infraestruturas resilientes, innovadoras, igualitarias, intelixentes e sostibles a todo o territorio provincial en función, principalmente, das necesidades de reequilibrar a prestación de servizos naquelas zonas territoriais con maior déficit de servizos ou maiores dificultades para acceder a eles.

A cohesión territorial expónse, así pois, non só como un reto, senón como unha oportunidade para converter a diversidade territorial nun punto forte e unha forma de resiliencia tras a crise sanitaria ocasionada pola pandemia, xa que a mellora da vertebración do territorio permitirá reducir a dependencia dos grandes municipios urbanos que ten a poboación que vive nos municipios máis pequenos.

Polo seu ámbito competencial e territorial a Deputación de Pontevedra é a Administración idónea para actuar como axente canalizador da vertebración do territorio provincial e, polo tanto, para executar un proxecto destas características.

## MARCO ESTRATÉXICO



Ante o profundo impacto que tivo na poboación mundial a pandemia ocasionada pola Covid-19, é necesario impulsar un proceso de recuperación e resiliencia unido á consecución dos retos xa preexistentes vinculados á rápida evolución das sociedades modernas nos ámbitos social e económico e ás novas realidades da economía mundial.

Así, desde as distintas organizacións mundiais e europeas créase un marco que permita englobar todos os esforzos que deberán realizar as distintas administracións, que xogan un papel capital nestes procesos en todos os seus niveis.

Obxectivos da política de cohesión europea 2021-2027 aos que dá cumprimento este programa:

1. Unha Europa máis intelixente (transformación económica, innovadora e intelixente, economía circular).
2. Unha Europa máis verde e descarbonizada (transición enerxética, economía circular, adaptación ao cambio climático, xestión de riscos).
3. Unha Europa máis conectada (mobilidade e conectividade TIC).
4. Unha Europa máis social (o alicerce dos dereitos sociais).
5. Unha Europa máis próxima á cidadanía (desenvolvemento sostible de áreas urbanas, rurais e costeiras e iniciativas locais).

Prioridades estratéxicas da Comisión Europea

### **1. Pacto Verde (“*Green Deal*”)**

O Pacto Verde é a folia de ruta para dotar a UE dunha economía sostible transformando os retos climáticos en oportunidades, que facilitará que Europa se converta en climáticamente neutra no horizonte do ano 2050 e que contempla un plan de acción orientado a:

- Impulsar un uso eficiente dos recursos mediante o paso a unha economía limpa e circular.
- Restaurar a biodiversidade e reducir a contaminación.

Neste ámbito, exponse un conxunto de medidas, entre as que destacan:

- Garantir que os edificios sexan máis eficientes desde o punto de vista enerxético.



- A descarbonización do sector da enerxía.
- O investimento en tecnoloxías respectuosas co medio ambiente.
- O despregamento de sistemas de transporte público e privado máis limpos, baratos e sans.

## **2. Unha Europa adaptada á era dixital**

A Estratexia Dixital Europea está orientada a consolidar a soberanía dixital e establecer as normas asociadas no ámbito dos datos, as tecnoloxías e a infraestrutura, todo iso no que se denomina a “década dixital”, e contemplando novos eixes de actuación, dos que destacan:

- A intelixencia artificial.
- A estratexia europea de datos.
- A ciberseguridade.
- Os servizos dixitais.

## **3. Unha economía ao servizo das persoas**

Este eixe estratéxico está orientado a reducir a pobreza e a desigualdade a través da aposta polo fortalecemento das pequenas e medianas empresas como columna vertebral da economía da Unión Europea.

Con este enfoque defínense catro ámbitos de actuación, dos que sobresaen dous:

- O impulso do investimento e a creación de emprego.
- O fomento do emprego xuvenil.

## **4. Protección do modo de vida europeo**

Esta prioridade estratéxica está encamiñada a defender a xustiza e os valores fundamentais da Unión Europea. Con oito ámbitos de actuación, a máis relevante no contexto das propostas que se inclúen neste documento é a relativa ao fomento da igualdade de xénero, dentro do marco dos denominados dereitos fundamentais.

### Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas

Complementariamente, e de modo transversal, tanto a Unión Europea coma os seus países membros están comprometidos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas (ODS).

















Nacións Unidas: Obxectivos de Desenvolvemento Sostible






Os obxectivos das Nacións Unidas que están mellor aliñados cos deste programa serían os citados a continuación. Inclúese a relación dos ámbitos de actuación que se propoñen con cada un dos ODS indicados e recóllese o ODS e a meta específica:

	<b>Meta do ODS</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Asegurar a educación de calidade de xeito que se permita a mobilidade socioeconómica ascendente, clave para saír da pobreza.</li> <li>De aquí a 2030, asegurar que as nenas e nenos terminen o ensino (preescolar, primaria e secundaria). Debe ser gratuíto, equitativo e producir resultados de aprendizaxe pertinentes e efectivos.</li> <li>De aquí a 2030, asegurar o acceso de tódolos homes e mulleres a unha formación técnica, profesional e superior de calidade, incluíndo o ensino universitario.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando os vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe e a reutilización sen riscos a nivel mundial.</li> </ul>



	<h2>Meta do ODS</h2>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>De aquí a 2030, duplicar a taxa mundial de mellora da eficiencia enerxética.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lograr niveis máis elevados de produtividade económica mediante a diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras cousas, centrándose nos sectores con gran valor engadido e cun uso intensivo da man de obra.</li> <li>De aquí a 2030, elaborar e poñer en práctica políticas encamiñadas a promover un turismo sostible que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>De aquí a 2030, modernizar a infraestrutura e reconverter as industrias para que sexan sostibles, utilizando os recursos con maior eficacia e promovendo a adopción de tecnoloxías e procesos industriais limpos e ambientalmente racionais, e logrando que todos os países tomen medidas segundo as súas capacidades respectivas.</li> <li>De aquí a 2030, aumentar significativamente o acceso á tecnoloxía da información e das comunicacións e esforzarse por proporcionar acceso universal e alcanzable a internet nos países menos desenvolvidos.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Reducir as desigualdades e garantir que ninguén queda atrás na consecución dos ODS.</li> <li>De aquí a 2030, lograr progresivamente e manter o crecemento dos ingresos do 40% máis pobre da poboación a unha taxa superior á media nacional.</li> <li>De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión, situación económica ou outra condición.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>De aquí a 2030, aumentar a urbanización inclusiva e sostible e a capacidade para a planificación e a xestión participativas, integradas e sostibles dos asentamentos humanos en todos os países.</li> <li>De aquí a 2030, proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para as mulleres e as nenas e nenos, as persoas de idade e as persoas con discapacidade.</li> <li>De aquí a 2030, aumentar considerablemente o número de cidades e</li> </ul>



	<b>Meta do ODS</b>
	asentamentos humanos que adoptan e implementan políticas e plans integrados para promover a inclusión, o uso eficiente dos recursos, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el e a resiliencia ante os desastres, e desenvolver e poñer en práctica, en consonancia co Marco de Sendai para a redución do risco de desastres 2015-2030, a xestión integral dos riscos de desastre a todos os niveis.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Garantir modalidades de consumo e produción sostibles.</li> <li>• De aquí a 2030, lograr a xestión sostible e o uso eficiente dos recursos naturais.</li> <li>• De aquí a 2030, reducir o desperdicio de alimentos, diminución do uso de produtos químicos e outros refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclado e reutilización.</li> <li>• De aquí a 2030, asegurar á poboación que teña información e coñecementos necesarios para o desenvolvemento sostible e os estilos de vida en harmonía coa natureza.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e cos desastres naturais en todos os países.</li> <li>• Incorporar medidas relativas ao cambio climático nas políticas, estratexias e plans nacionais.</li> <li>• Mellorar a educación, a sensibilización e a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático, a adaptación a el, a redución dos seus efectos e a alerta temperá.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestionar de xeito sostible os bosques, loitar contra a desertificación, deter e invertir a degradación das terras e deter a perda de biodiversidade.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revitalizar alianzas para o Desenvolvemento Sostible.</li> <li>• Mobilizar os recursos tanto internos como externos mediante actuacións colaborativas baseadas en políticas orientadas a fomentar a financiación, o alivio e a reestruturación da débeda.</li> </ul>

## CAPÍTULO ÚNICO. DISPOSICIÓN XERAIS

### Primeira. Obxecto



As bases e a convocatoria do Programa PON2030 teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se outorguen con cargo a este programa, cuxo ámbito temporal de execución será bienal.

As finalidades subvencionables serán as sinaladas a continuación e terán que realizarse sobre elementos de titularidade municipal ou sobre bens, instalacións ou terreos nos que se acredite a titularidade ou, no caso de que se trate dunha administración pública poderá acreditarse a titularidade coa correspondente cesión, autorización ou concesión, sen embargo no caso dun suxeito xurídico privado a cesión deberá ter carácter indefinido.

Será imprescindible que estas actividades ou servizos sexan, de forma real e efectiva, de competencia municipal.

Articúlanse como unha batería de liñas de actuación sobre catro eixes específicos (nova edificación, rehabilitación de edificios existentes, espazos urbanos e residuos municipais) que baixo o marco da sostibilidade contribúan á dinamización socioeconómica e á integración social desde o punto de vista económico, social e de xénero, estando aliñadas coas actuais prioridades da Unión Europea.

As axudas e subvencións deste programa poderán destinarse ás seguintes tipoloxías de actuación, en consonancia co fondo estratéxico de fondos europeos:

1. **Actuacións de tipo 1:**

Rehabilitación de edificios e instalacións municipais para uso social, cultural, deportivo, turístico e de lecer, de infancia e mocidade, de atención a vítimas de violencia de xénero, de elementos de interese patrimonial e os destinados a uso institucional e administrativo, valorizando así os recursos locais xa existentes, con parámetros de innovación, sostibilidade, dixitalización e uso de enerxías alternativas. Mellora da eficiencia enerxética, da conectividade, da dixitalización e da accesibilidade para fomentar a igualdade de oportunidades entre o rural-urbano e garantir dereitos e servizos especialmente nas áreas de coidados de menores, cultura, deporte e dinamización social.

2. **Actuacións de tipo 2:**

Construción de novos equipamentos e dotacións, con edificios ou instalacións sostibles e intelixentes, ademais de novas actuacións



ambientalmente sostibles para asegurar os servizos que impulsen a cohesión territorial, cos mesmos obxectivos/parámetros das actuacións de tipo 1.

Permitirase a realización de actuacións complementarias de saneamento, abastecemento ou calquera outra relacionada directamente coa xestión integral do ciclo da auga, cando sexan imprescindibles para asegurar a funcionalidade do elemento principal do novo equipamento.

3. **Actuacións de tipo 3:**

Recuperación, mellora, urbanización ou reurbanización de espazos públicos co obxectivo de darlles un uso plural, amable, e de fomentar a estancia e as mobilidades alternativas, na liña de cumprimento dos Principios Ágora, establecidos pola Deputación de Pontevedra na Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público.

4. **Actuacións tipo 4:**

Adquisición, posta en funcionamento do material necesario para dar cumprimento das obrigas e obxectivos determinados pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, incluídos a súa instalación e reparto, de selo caso.

### **Segunda. Natureza xurídica**

De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da LXS, as axudas que se arbitren a favor dos concellos no marco do Programa PON2030 rexeranse por estas bases, e resultarán de aplicación supletoria as disposicións desta lei.

### **Terceira. Aprobación das bases**

De acordo co establecido na base 16.3 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2023 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é o Pleno da Deputación.

### **Cuarta. Beneficiarios**

Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo. Non poderán obter a condición de beneficiarios aqueles concellos nos que concorra algunha das circunstancias ou prohibicións ás que fai referencia a lexislación vixente en materia de subvencións.



### Quinta. Financiamento e contía das subvencións

O financiamento do Programa PON2030 ascende a vinte e dous millóns (22.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2023, imputable á aplicación orzamentaria 2023/942.9420.762.74.

Poderán solicitar estas axudas todos os concellos da provincia de Pontevedra con 50.000 habitantes ou menos que cumpran os criterios de selección establecidos nestas bases.

Os concellos poderán presentar **un único proxecto** a calquera das liñas, para unha única actuación, que deberá ser continua e coherente. Non serán subvencionables aquelas actuacións que supoñan a suma de actuacións dispersas.

As subvencións para cada actuación terán un límite máximo que poderá alcanzar ata o 90% do importe asignado inicialmente para cada concello no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) ou o seu equivalente para a anualidade 2023 (suma das Liñas 1, 2 e 3, sen que en ningún caso supere a cantidade de un millón (1.000.000,00) de euros) e o orzamento total de cada proxecto non poderá ser inferior á terceira parte (1/3) do importe sinalado do Plan Concellos, respectando en todo caso as porcentaxes de cofinanciamento que se establecen máis abaixo en función da poboación e da tipoloxía do proxecto. A porcentaxe restante, ou a cantidade que resulte, de superárense os límites fixados, terán que achegala os concellos solicitantes.

Por outra banda, estipúlanse as achegas mínimas dos respectivos concellos segundo a súa poboación e a tipoloxía dos correspondentes proxectos. As porcentaxes da achega mínima municipal serán as que se detallan a continuación:

Grupo de concellos por poboación	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4
Concellos de ata 5.000 habitantes	15 %	20 %	10 %	10 %
Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	20 %	25 %	15 %	15 %
Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	25 %	30 %	20 %	20 %
Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	30 %	35 %	25 %	25 %

### Sexta. Criterios de concesión e cuantificación das solicitudes



As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrncia competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de 50.000 habitantes ou menos que presenten a correspondente solicitude, acompañada da documentación esixida nestas bases, e as solicitudes valoraranse de acordo cos criterios do apartado 6.2.

A concesión das subvencións realizarase nun único proceso.

Valoraranse os proxectos por orde decrecente de puntuación e asignaráselles ata o máximo financiamento posible por concello aos proxectos con maior puntuación ata esgotar os vinte e dous millóns (22.000.000,00) de euros do programa. Esta asignación respectará en todo caso as porcentaxes de cofinanciamento que se establecen máis arriba en función da poboación e da tipoloxía do proxecto.

6.1. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que:

- Incumpran as bases da convocatoria.
- Non acaden o 50% da puntuación total.
- Incumpran, no caso das actuacións de tipo 3, as determinacións da *Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable* e os Principios Ágora da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Non se acollan ao obxecto subvencionable por cada tipoloxía de actuación.
- Non dispoñan da titularidade dos terreos, ou no caso de que se trate dunha administración pública non acrediten a titularidade coa correspondente cesión, autorización ou concesión, e no caso de suxeito xurídico privado non acrediten unha cesión de carácter indefinido.

6.2. Criterios de valoración:

Sobre un total de 100 puntos, os criterios de selección son os seguintes:

a) **Madurez do proxecto**, que deberá acreditarse documentalmente, ata 30 puntos:

- Por estar aprobada polo órgano competente e ter publicada a licitación: 30 puntos.
- Por estar aprobada polo órgano competente a licitación: 28 puntos.



- Por estar aprobado o proxecto polo órgano competente e constar expresamente que está completo e listo para licitar: 25 puntos.
- Por dispoñer das autorizacións sectoriais ou non ser necesarias, pero non estar aínda listo para licitar: 20 puntos.
- Por ter solicitadas as autorizacións sectoriais: 10 puntos.
- Por non ter solicitadas as autorizacións sectoriais e ser estas necesarias: 0 puntos.

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación necesaria correspondente, segundo o caso (documentos acreditativos da publicación da licitación, de estar aprobada a licitación, de estar aprobado o proxecto, de tratarse dun proxecto completo e listo para licitar, de dispoñer das autorizacións sectoriais ou de que estas non sexan necesarias, ou de ter solicitadas as autorizacións sectoriais pertinentes); a Deputación resérvase a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos que non permitan dilucidar con claridade o seu cumprimento.

O cumprimento destas circunstancias deberá estar referido á data de finalización do prazo de solicitude.

Estas puntuacións non son acumulables, de maneira que se lle asignará unicamente a puntuación correspondente á fase máis avanzada acreditada, sempre que se teñan cumprido as anteriores ou estas non sexan necesarias.

Deberán achegarse, no caso de que o estado de madurez do proxecto xustificando esixa a súa existencia, os seguintes documentos:

- Replanteo do proxecto, acta de trazado previo (**anexo V**).
- O acordo do órgano competente do concello no que se aprobe o proxecto técnico do investimento incluído no programa.
- Acreditación da concesión das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos pertinentes.

b) Pola **contribución a unha economía descarbonizada**, xustificada polas técnicas e técnicos competentes autores do proxecto, neste ou nun documento aparte, e comprobada polo persoal técnico provincial a partir dos documentos para achegar que se citan a continuación, ata 30 puntos.

Para cada tipoloxía de actuacións esta contribución determinarase do seguinte modo:





- Actuacións de tipo 1: porcentaxe de mellora da eficiencia enerxética que se alcance coa actuación, cuantificado como a mellora no indicador de emisións de dióxido de carbono en kg CO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ano.

Os datos do estado previo obteranse da certificación enerxética do edificio existente no seu estado actual, co contido establecido no artigo 6 do procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, aprobado polo Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, subscripta pola técnica ou técnico competente e incluída no rexistro do órgano competente da comunidade autónoma.

Os datos do estado definitivo obteranse do certificado enerxético de proxecto do edificio alcanzado tras a reforma proposta para a que se solicita a subvención, segundo o Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño, con respecto á cualificación enerxética inicial do edificio ou equivalente, asinado por unha técnica ou técnico competente; non será necesario que este certificado enerxético estea incluído no rexistro do órgano competente da comunidade autónoma.

A aquelas construcións cuxo estado actual impida a emisión do certificado enerxético do edificio existente (por estado de ruína ou calquera outro), pero con posibilidade de obter o certificado enerxético do edificio terminado, asignaráselle un valor máximo estandarizado para o estado inicial de 160 kgCO<sub>2</sub>/m<sup>2</sup> ano.

Aquelas construcións excluídas do ámbito de aplicación do Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño, e para as que poidan emitirse certificados enerxéticos do edificio antes e despois da reforma, aínda que non sexan obrigatorios, poderán ser obxecto de valoración neste apartado se estes se presentan.

Aquelas que non poidan ser obxecto do certificado enerxético do edificio terminado non obterán puntuación neste apartado.

A puntuación calcularase mediante a seguinte fórmula:

$$P = \text{Porcentaxe do proxecto} \times 30 / \text{Porcentaxe máxima dos proxectos do tipo 1}$$

- Actuacións de tipo 2: porcentaxe de independencia respecto das enerxías non renovables da nova actuación, cuantificado co indicador de consumo de enerxía primaria non renovable en kWh/m<sup>2</sup> ano.

Os datos obteranse do certificado enerxético do edificio para o que se solicita a subvención, segundo o Real decreto 235/2013, de 5 de abril, asinado por unha técnica ou técnico competente; non será necesario que



este certificado enerxético estea incluído no rexistro do órgano competente da comunidade autónoma.

A puntuación calcularase mediante a seguinte fórmula:

$P = \text{Valor mínimo dos proxectos do tipo 2} \times 30 / \text{Valor do proxecto}$

Aquelas construcións que non poidan obter o certificado enerxético do edificio terminado non obterán puntuación neste apartado.

- Actuacións de tipo 3: porcentaxe de espazo do ámbito de actuación dedicado a usos diferentes á circulación de vehículos.

A puntuación calcularase mediante a seguinte fórmula:

$P = \text{Porcentaxe do proxecto} \times 30 / \text{Porcentaxe máxima dos proxectos do tipo 3}$

- Actuacións tipo 4: porcentaxe de separación (recollida separada) de residuos municipais segundo os últimos datos oficiais dispoñíbeis, preferentemente do ano 2022.

A puntuación calcularase mediante a seguinte fórmula:

$$P = 30 \times \frac{\% \text{ de separación do concello solicitante}}{\% \text{ de separación do concello con maior separación}}$$

c) Pola **calidade do proxecto**, xustificada polas técnicas e técnicos competentes, ata 30 puntos:

Valorarase a calidade técnica do proxecto en todos os seus contidos necesarios:

- Calidade e descrición do estado actual: 3 puntos.
- Detalle da análise dos condicionantes: 3 puntos.
- Calidade e detalle da análise das alternativas: 3 puntos.
- Calidade e cantidade dos traballos previos conducentes ao coñecemento da realidade do estado actual: 3 puntos.
- Calidade das solucións propostas: 4 puntos.
- Calidade dos materiais: 4 puntos.
- Calidade das propostas construtivas: 5 puntos.
- Nivel de detalle das solucións: 5 puntos.

d) Pola **contribución á consecución dos obxectivos fixados na Axenda 2030 e nas políticas panca**, xustificadas polas persoas autoras do proxecto e valorada pola comisión de avaliación, ata 10 puntos.

Para valorar este apartado deberán recollese nunha **memoria aparte** aqueles aspectos e datos concretos que se substancien expresamente no proxecto e sexan relevantes, xunto coa xustificación do modo no que contribuirán á consecución dos ODS da Axenda 2030 e ás políticas panca do Plan de recuperación,



transformación e resiliencia, con referencia expresa aos ODS, ás metas e aos indicadores nos que se pretende influír, así como á descrición das actuacións que terán incidencia na mellora dos indicadores en relación coa situación de partida. En concreto para a valoración deste apartado terase en conta a incidencia na mellora dos indicadores relativos ao cumprimento dos ODS da Axenda 2030 española e as súas metas, e, de maneira especial, as que estean directamente relacionadas coas políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ponderándose o número de indicadores favorablemente afectados e o grao de mellora respecto á situación de partida, así como a aliñación e encaixe global dos obxectivos do proxecto dentro dos obxectivos da Axenda 2030 e, especialmente, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Exceptuaranse de valoración aqueles aspectos que xa fosen valorados no apartado b).

Nas actuacións tipo 3 terase en conta tamén unha xustificación da contribución que esa actuación terá no concello para o cumprimento e fomento dos 10 Principios Ágora da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público.

Nas actuacións de tipo 4, valorarase tamén á contribución do proxecto ao cumprimento das obrigas marcadas pola Lei 7/2022 do estado e ao cumprimento dos obxectivos fixados nela.

A valoración destes criterios realizarase por unha comisión de persoas expertas, que estará constituída polos seguintes membros:

Presidencia: o enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios

Vogais:

- A xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios.
- A xefa do Servizo de Arquitectura.
- O director de Infraestruturas e Vías Provinciais ou a persoa de perfil técnico en quen delegue.
- O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- A técnica do Revitaliza.

### **Sétima. Procedemento de concesión e resolución definitiva**

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.



2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:
- a. Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instrutor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de 10 días hábiles.
  - b. Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados e que cumpren os criterios que se deben ter en conta segundo estas bases.
  - c. Informe-proposta da xefa do Servizo de Cooperación, no que figurará a valoración feita pola comisión de persoas expertas á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado e as porcentaxes de cofinanciamento indicadas máis arriba (de acordo cos límites establecidos). Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación.
  - d. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.
  - e. Estudo do informe-proposta por parte da comisión de avaliación, da que a secretaria ou secretario redactará a acta. A comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros:
    - Presidencia: a deputada delegada ou deputado delegado da área de Cooperación cos Municipios.
    - Vogais:
      - A xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.
      - Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios.
      - Unha técnica ou técnico do Servizo de Arquitectura.
      - Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
      - Unha técnica ou técnico da Intervención Provincial.
      - Secretaria ou secretario: a secretaria ou secretario da Deputación de Pontevedra ou a funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior en quen delegue.
  - f. Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación.
  - g. Resolución do órgano competente, de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os 6 meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao de finalización do prazo



de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar ós potenciais beneficiarios lexitímaos para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

h. Tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención, no caso de que os proxectos contemplan varias actuacións, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.

3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada a resolución de concesión, entenderase aceptada polos concellos salvo que estes a rexeiten expresamente.

### **Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes**

As solicitudes presentaranse debidamente cubertas, especificando a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Ditas solicitudes deberán ser aprobadas mediante un acordo do órgano competente do concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.

No caso de presentar a solicitude de forma presencial, requiriráselle para que a emende mediante a presentación electrónica, coa concesión dun prazo de 10 días hábiles ao respecto. En todo caso, se tal emenda se efectuase fóra do prazo de presentación de solicitudes, limitarase á presentación electrónica do previamente presentado presencialmente, sen que sexa posible engadirse outros documentos ou rectificar os xa achegados. Isto sen prexuízo da emenda en xeral, que no seu caso, procederase de acordo coas presentes bases ou segundo o art. 68.1 da Lei 39/2015.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas



(sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa é de corenta e cinco días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

### **Novena. Comprobación de datos**

Para a tramitación dos procedementos consultaránse automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No caso de que as entidades interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

### **Décima. Documentación complementaria**

As entidades interesadas, ademais do formulario de solicitude, presentarán a seguinte documentación:

- Acordo do órgano competente do concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.
- Proxecto de execución redactado e debidamente asinado dixitalmente segundo o indicado no **anexo I** “Formato e contido do proxecto de obra civil e mobilidade” e no **anexo II** “Formato e contido dos proxectos de edificación e rehabilitación”. Non son admisibles denominacións xenéricas, polo que deben ser identificados con precisión e claridade os investimentos integrados no plan.

Para o caso de actuacións tipo IV achegarase unha memoria e a documentación técnica xustificativa que resulte pertinente segundo a natureza das actuacións propostas.

- Certificado expedido polo funcionariado público competente, no que se faga constar (**anexo III**):



- O acordo do órgano competente do concello no que se determinen o investimento ou investimentos que se realizarán e se acorde solicitar a subvención para a súa realización, coa indicación do importe.
- Certificado expedido polo funcionariado público competente no que se acredite (**anexo IV**):
  - A titularidade municipal, ou a súa cesión, dos elementos nos que se van desenvolver as actuacións, detallando que todas as partidas incluídas no proxecto se realizarán sobre elementos con estas características, que deberá ser efectiva antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes. Desta forma esta efectividade considerarase non emendable.
  - A dispoñibilidade dos terreos, no seu caso, nos que se van desenvolver as actuacións. No caso de precisar autorizacións sectoriais o concello deberá detallalas e achegar a documentación que poña de manifesto que conta con esas autorizacións, licenzas ou permisos ou que os solicitou. Neste último caso, a concesión da subvención quedará condicionada á súa obtención, e non se procederá a aprobar o expediente de contratación da obra ata que non se obtivesen.
  - Documentación pertinente para a acreditación e avaliación dos criterios de valoración aplicables. A Deputación poderá requirir cantas aclaracións considere necesarias para permitir a correcta comprobación e avaliación dos criterios de valoración, aínda que o cumprimento destas circunstancias deberá estar referido á data de finalización do prazo de solicitude.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e documentos preceptivos que se contemplan nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación a que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle ao interesado que emende as faltas ou omisións subsanables no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non facelo, teráselle por



desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada Lei.

A comprobación do contido dos proxectos será realizada polos servizos técnicos provinciais.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, non poderán ser obxecto de manipulación ou emendas. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

### **Décimo primeira. Notificacións**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os dous sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas**

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións,





renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

### **Décimo terceira. Proxectos de execución**

Todas as obras e os proxectos de execución correspondentes deberán referirse necesariamente a obras completas; entenderanse por tales as susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, e incluírán todos e cada un dos elementos que sexan necesarios para o uso da obra.

Todos os proxectos de execución, que deberán cumprir a normativa vixente, incluírán a documentación establecida na normativa de contratos e sectorial de obrigado cumprimento, e axustarán o seu contido ás seguintes instrucións:

1. O financiamento dos proxectos, de acordo con estas bases, realizarase como gasto/investimento con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2023, no que respecta ao financiamento da Deputación.
2. Non se admitirán denominacións xenéricas. Os investimentos que se integran no programa deben identificarse con precisión e claridade, sen dar lugar a ambigüidades, e debe existir concordancia entre a solicitude e a denominación do proxecto técnico.
3. Non se farán referencias a marcas concretas en ningún proxecto técnico. Unicamente permitirase, excepcionalmente, a referencia a marcas cando non sexa posible facer unha descrición o bastante precisa e intelixible do obxecto do contrato, e deberá engadirse a mención “ou equivalente”.
4. Todas as partidas dos orzamentos deberán ser subvencionables, e non se admitirán partidas de natureza administrativa coma homologacións, licenzas ou legalizacións.
5. O custo da redacción do proxecto e, de ser necesario, o custo da redacción do modificado correrán por conta dos concellos. A Deputación procederá, en todo caso, á súa supervisión e control, especialmente en función dos prezos das distintas unidades, antes da súa aprobación ou autorización no caso dos modificados por parte do órgano competente.



6. O custo de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade serán subvencionables.

#### **Décimo cuarta. Aprobación dos proxectos, titularidade e outorgamento de licenzas**

Os proxectos deben ser aprobados polo órgano competente do concello unha vez que este se atope en disposición de facelo.

Ademais, os elementos obxecto das actuacións contidas nos proxectos deberán ser de titularidade municipal ou acreditar un dereito de uso ou cesión segundo o indicado nestas bases e que todas as unidades se executan en elementos destas características. O incumprimento deste requisito na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes será motivo de exclusión.

Se os proxectos, pola súa situación ou polas súas características, necesitan permisos ou autorizacións doutros organismos, será o concello o que os solicite. Este deberá acreditar que conta con elas ou que as solicitou, e achegará os correspondentes documentos de concesión ou a súa solicitude.

No caso de que algún proxecto incluído no Programa PON2030 afectase dalgún modo as franxas de protección dunha estrada provincial e, polo tanto, precisase unha autorización desta Deputación, o concello deberá obtela a través do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais antes da concesión da subvención.

#### **Décimo quinta. Licitación**

De acordo co establecido na exposición de motivos destas bases, a licitación e adxudicación dos contratos correspóndelles aos concellos, que deberán respectar o contemplado nas propias bases e na vixente normativa sobre contratación pública.

#### **Décimo sexta. Execución dos investimentos**

As obras serán executadas polos respectivos concellos segundo o correspondente proxecto técnico de execución, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade o 30 de abril de 2025. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización (marcada pola data máxima da certificación final ordinaria), sen exceder, en todo caso, o 30 de setembro de 2025. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

A directora ou director das obras será nomeado pola entidade local contratante, que terá que dar conta á Deputación unha vez que se produza a designación.



Calquera cambio na dirección técnica comunicáraselle igualmente á institución provincial no momento no que teña lugar.

A copia da acta de comprobación do replanteo que se redacte remitiráselle á Deputación xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación, que se colocará no momento da firma da acta.

A Administración municipal remitiralle á provincial unha copia da acta do acto de recepción.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste programa e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que lle corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás persoas responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

### **Décimo sétima. Modificación dos contratos**

Se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Tamén se poderán financiar co importe das baixas de adxudicación, ademais de con achegas do concello ou doutros entes públicos, os excesos de medicións acordos á lexislación de contratos.

Non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto nos dous parágrafos anteriores. Cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan Concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobranse que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil (20.000,00) euros, para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa



concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

En todo caso, deberán respectarse as porcentaxes de cofinanciamento asignadas para cada tipoloxía de actuación en función da poboación do concello.

A revisión de prezos, cando supoñan un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

### **Décimo oitava. Obrigas das persoas beneficiarias**

Os concellos beneficiarios, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), en particular:

- A destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
- A realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
- A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, achegando canta información lles sexa requirida no prazo que estableza a institución provincial.
- A comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.
- A cumprir a normativa de contratación e a demais normativa que sexa de aplicación.

Os beneficiarios deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado pola Deputación.
- Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.
- Incluír no prego de cláusulas ou na documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga da ou do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial.



- Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía. O cartel colocárase nun lugar suficientemente visible.

Correspóndelle ao Departamento de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

### **Décimo novena. Xustificación dos investimentos**

Todos os investimentos deberán estar executados nas datas indicadas na base décimo sexta, e deberán xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pago ao concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas aprobadas polo órgano municipal competente. O concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

Así, as entidades beneficiarias deberán presentar na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), a través do modelo “instancia xenérica”, as certificacións ou facturas acompañadas da seguinte documentación:

A primeira certificación ou factura acompañarase de:

- Replanteo do proxecto, acta de replanteo previo (anexo V) (no caso de non presentarse).
- O acordo do órgano competente do concello no que se aprobe o proxecto técnico do investimento incluído no programa (no caso de non presentarse).
- Acreditación da concesión das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos pertinentes (no caso de non presentarse).
- A certificación do acordo ou da resolución de adxudicación do contrato e da aprobación do expediente de contratación, no caso de non presentarse con anterioridade.
- O contrato.
- Certificación das melloras que no seu caso formen parte do contrato.
- O nomeamento da directora ou director técnico, se é o caso.
- A acta de comprobación de replanteo, no caso de que sexa necesaria.
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.



- A acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.

As seguintes certificacións acompañaranse do acordo municipal de aprobación da certificación ou certificacións correspondentes coas súas facturas e do informe do director facultativo, se fose necesario.

Xunto coa última certificación entregaranse:

- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e a súa factura.
- A acta de recepción, cuberta de acordo co disposto na normativa de contratos.
- Unha nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.
- Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
- Un informe de fin de obra da dirección facultativa, independentemente de que haxa ou non variación na execución ou certificación con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións e toda incidencia que deba ser resaltada. No caso de actuacións de tipo 1 e 2 exprésará, ademais, se o edificio foi executado de acordo co establecido no proxecto de execución e, en consecuencia, alcanza a cualificación indicada no certificado de eficiencia enerxética do proxecto.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para a comprobación da súa correcta execución.
- Certificación enerxética do edificio terminado, subscripta pola técnica ou técnico competente e rexistrada no órgano competente da comunidade autónoma, logo da execución da actuación, de acordo co Procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, mediante a utilización dalgún dos programas informáticos oficiais recoñecidos, regulados polo Real decreto 390/2021, de 1 de xuño, xunto coa correspondente etiqueta de cualificación enerxética do edificio terminado, incluídos no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Xunta de Galicia, se procede.
- Documento xustificativo do grao de cumprimento dos ODS da Axenda 2030 e, en especial, dos relacionados co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de conformidade co disposto no proxecto e a memoria presentada ao respecto.



- Xustificación das melloras ofertadas.

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto e o resto da documentación xustificativa serán verificados polos servizos técnicos provinciais. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento definida no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Unha vez realizada a comprobación formal e material definida nos parágrafos anteriores, a documentación xustificativa acreditativa do gasto será fiscalizada pola Intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar á perda, total ou parcial, do dereito de cobro da subvención correspondente.

### **Vixésima. Compatibilidade**

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do RLGS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

No caso de que se obteña financiamento adicional da Unión Europea, este considerárase que reverte no 100% da achega municipal. De seguir existindo exceso de financiamento destinarase a minoración da achega da Deputación.

No caso de obterse subvencións doutras administracións, reduciranse proporcionalmente as achegas do Concello e da Deputación.

### **Vixésimo primeira. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro**

Procederáse ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.



Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- o incumprimento da normativa de contratos.
- o incumprimento das porcentaxes sinaladas no proxecto ou documento aparte para valorar a contribución a unha economía descarbonizada.
- o incumprimento dos obxectivos fixados no proxecto e a memoria para valorar a contribución á consecución dos ODS da Axenda 2030 e as políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

### **Vixésimo segunda. Recursos**

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

### **Vixésimo terceira. Publicidade da convocatoria**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

### **Vixésimo cuarta. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha





de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

## ANEXOS DA CONVOCATORIA E MODELOS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>

### ANEXO I. FORMATO E CONTIDO DO PROXECTO DE OBRA CIVIL E MOBILIDADE

#### **I.1 FORMATO**

O idioma de redacción do proxecto será preferiblemente o galego, aínda que se admitirá tamén o castelán.

En todo caso, o tamaño e a calidade dos textos, das acotacións e dos debuxos teñen que ser os adecuados para que ao reproducilos o seu contido sexa claramente visible.

#### **I.2 CONTIDO DO PROXECTO**

No proxecto deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder executar as obras; para iso, deberá conter a documentación prevista a continuación neste apartado.

En todo caso, deberase reflectir e xustificar no proxecto que se respecta o contido mínimo dos proxectos ao abeiro do establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e, cando proceda, no artigo 42 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (ou normas que os substitúan ou complementen).



Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras e as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e deberá quedar claramente especificado o cumprimento destas nos seus correspondentes apartados.

### **I.2.1. Documentos do proxecto**

#### **- Memoria**

##### **a) Memoria descritiva**

O obxecto da memoria descritiva é definir de maneira rápida o proxecto de obras e todos os aspectos que poidan incidir nel, deixando para os anexos o seu desenvolvemento, de ser o caso. Ademais, deberá xustificar como influirá o proxecto na cohesión territorial da provincia e expresará a información necesaria acerca dos aspectos que se deben valorar para a concorrència competitiva.

**Titular:** identificará a Administración titular da vía obxecto do proxecto.

**Descrición:** describirá o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a súa situación previa, as necesidades que se van satisfacer, a xustificación e descrición das obras e a solución técnica adoptada, coa especificación dos factores de todo tipo que deben terse en conta, en particular os de tipo social, técnico, económico, ambiental, de seguridade viaria e administrativo.

**Planeamento urbanístico:** superpoñerá a traza da vía ou situación da obra sobre o plano de clasificación urbanística. Indicaránse as clases de solo polos que pasa a obra. Comprobaráse a adecuación da obra proxectada aos instrumentos de plan urbanístico. Incluiráse tamén a representación gráfica das zonas de protección da estrada e da liña límite de edificación. Tamén deberán recollese as afeccións ao patrimonio cultural segundo o catálogo do plan municipal e do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, de ser o caso.

**Información pública:** no caso de que o proxecto de construción se someta aos trámites de información pública en materia de estradas e ao informe das administracións afectadas, indicaránse as determinacións urbanísticas do plan municipal que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación e máis o prazo para realizar a correspondente adecuación.

**Ocupación de terreos:** darase conta da necesidade de ocupación de terreos para a execución das obras e incluiráse un cadro resumen de superficies segundo a súa clasificación urbanística, , que se pormenorizará no anexo correspondente.



**Medio ambiente:** xustificarse o cumprimento da declaración de impacto ambiental correspondente ao estudo informativo, anteproxecto ou proxecto de trazado cando no proxecto de construción se desenvolva un documento dese tipo que fose sometido ao trámite de avaliación ambiental, sen prexuízo, de ser o caso, dos efectos derivados do acordo de resolución de discrepancias respecto da devandita declaración de impacto ambiental. De igual modo, xustificarse o cumprimento do resto da normativa sectorial en materia de protección ambiental.

**Accesibilidade:** xustificarse o cumprimento da normativa sectorial en materia de accesibilidade que sexa de aplicación segundo a natureza da obra, no caso de ser empregadas por viandantes de forma habitual, coma sendas, prazas, pasarelas e resto de obras de humanizacións.

**Normativa de contratos:** incluírase, se procede, a determinación da clasificación esixible á ou ao contratista (grupo, subgrupo e categoría). Incluírase a fórmula de revisión de prezos e determinación de obra completa.

**Orzamentos:** recollerase o orzamento de execución material das obras e o orzamento base de licitación, con e sen o IVE, así como o orzamento para o coñecemento da Administración, se procede.

**Prazos:** farase referencia ao prazo previsto para a execución das obras a partir da data da firma da acta de comprobación do replanteo e o prazo de garantía a partir da firma da acta de recepción das obras.

**Índice:** como peche da memoria farase unha lista dos documentos que integran o proxecto: memoria e todos os seus anexos, planos numerados coa súa designación, prego de prescricións técnicas particulares, medicións, orzamentos e demais.

Cada apartado da memoria descritiva, no caso de ser necesario pola súa extensión, desenvolverase no seu correspondente anexo, na que se deixará un resumo ou introdución deste cos principais datos.

## **b) Anexos**

Incluíranse os anexos necesarios para desenvolver todos os datos e o contido da memoria descritiva. Polo mesmo motivo, cando un anexo resulte demasiado curto ou sinxelo recoméndase integralo na memoria descritiva.



De maneira non limitativa deben constar os seguintes anexos (ou xustificación, de non ser necesario):

1. Situación actual e reportaxe fotográfica.
2. Topografía e referencias de todo tipo para o replanteo da obra, con coordenadas das bases de replanteo no sistema ETRS89.
3. Xeoloxía e xeotecnia.
4. Anexo de integración ambiental.
5. Anexo de necesidades de ocupación de terreos (no caso de ocupacións). Describirá en todos os aspectos materiais e xurídicos os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.
6. Anexo de coordinación con outros organismos.
7. Anexo de reposición de servizos afectados, agás os inherentes ao proxecto principal.
8. Anexo da implantación da obra, que incluírá medidas para garantir a fluidez e seguridade da circulación nos tramos de vías afectadas pola execución das obras, con expresión dos desvíos de circulación propostos e dos períodos en que se poida perturbar a devandita circulación; tamén a ordenación de accesos e reordenación dos existentes e a sinalización fixa e variable, balizamento, defensas e outras medidas para a xestión da circulación nos tramos de estradas obxecto do proxecto, tanto durante a execución das obras coma durante a súa posterior explotación.
9. Anexo do plan de control de calidade, segundo medicións do proxecto e dando cumprimento á normativa que corresponda, PG3, EHE, REBT etc., e ao PPTP.
10. Anexo de estudo de xestión de residuos de construción e demolición.
11. Anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde.
12. Anexo de plan de obra: mediante diagrama de barras, por capítulos e meses, con custos parciais, acumulados e totais, e en tantos por cento de cada un.
13. Anexo de xustificación de prezos, que estará formado por:
  - a. Cadro e custo da man de obra.
  - b. Cadro e custo da maquinaria.
  - c. Cadro e custo dos materiais.



- d. Xustificación de prezos (custos auxiliares, directos, indirectos, prezos unitarios de execución material e partidas alzadas de abono íntegro).
  - e. Lista de prezos auxiliares descompostos (non incluírán os custos directos).
  - f. Lista de prezos descompostos (poderán incluír os custos directos).
14. Orzamento para o coñecemento da Administración, desagregado.

### **c) Planos**

Débense incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que toda a obra quede completamente definida.

Conterá un índice de planos que indique todos os incluídos no documento, así como o número de follas de cada un.

### **d) Prego de prescricións técnicas particulares**

Nel débense describir as obras e regularse a execución daquelas, coa especificación da forma de execución, os deberes de carácter técnico, o sistema de medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

### **e) Orzamento**

Comprenderá os gastos de execución da obra e pode estar integrado por distintos orzamentos parciais, no cal consten os prezos unitarios e os desagregados, se procede, o estado das medicións e os detalles para a súa valoración. Estará composto por medicións, o cadro de prezos núm. 1, o cadro de prezos núm. 2, o orzamento e resumo do orzamento que especificará o orzamento de execución material, o orzamento base de licitación, con e sen o IVE.

### **f) Outras consideracións**

Nos casos e na forma en que así o permita a lexislación vixente en materia de contratos do sector público, poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar ou executar as obras comprendidas. Neses casos, incluírase na memoria a xustificación das simplificacións ou supresións de documentos realizadas.

En todo caso, aplicarase o disposto para estes efectos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; polo



Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2011; pola Lei 8/2013, de Estradas de Galicia; polo Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, ou normas que as substitúan; e demais normativa de aplicación.

## ANEXO II. FORMATO E CONTIDO DOS PROXECTOS DE EDIFICACIÓN E REHABILITACIÓN

### I.1 FORMATO

O idioma de redacción do proxecto será preferiblemente o galego, aínda que se admitirá tamén o castelán.

En todo caso, o tamaño e a calidade dos textos, acotacións e debuxos teñen que ser os adecuados para que ao reproducilos o seu contido sexa claramente visible.

### I.2 CONTIDO DO PROXECTO

No proxecto deben desenvolverse por completo todos os datos e as precisións necesarias para poder executar as obras; para iso, deberá conter a documentación prevista a continuación neste apartado.

En todo caso, deberase reflectir e xustificar no proxecto que se respecta o contido mínimo dos proxectos, ao abeiro do establecido no artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, o proxecto deberá cumprir todas as disposicións normativas vixentes aplicables aos proxectos de obras e as instrucións e recomendacións que resulten de aplicación, e deberá quedar claramente especificado o cumprimento destas nos seus correspondentes apartados.

#### I.2.1. Documentos do proxecto

##### - Memoria

##### a) Memoria descritiva

O obxecto da memoria descritiva é definir de maneira rápida o proxecto de obras e todos os aspectos que poidan incidir nel, deixando para os anexos o seu desenvolvemento, no seu caso. Ademais, deberá xustificar como influirá o proxecto na cohesión territorial da provincia.



**Titular:** identificará a Administración titular da parcela e/ou edificación obxecto do proxecto.

**Descrición:** describirá o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e a súa situación previa, as necesidades que se van satisfacer, a xustificación e descrición das obras e a solución técnica adoptada, coa especificación dos factores de todo tipo que deben terse en conta, en particular os de tipo social, técnico, económico, ambiental, de seguridade viaria e administrativo.

**Planeamento urbanístico:** superpoñerase a traza da vía ou situación da obra sobre o plano de clasificación urbanística. Indicaranse as clases de solo polas que pasa a obra. Comprobarase a adecuación da obra proxectada aos instrumentos do plan urbanístico. Incluírse tamén a representación gráfica das zonas de protección das estradas e da liña límite de edificación. Tamén deberán recollese as afeccións ao patrimonio cultural segundo o catálogo do plan municipal e do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, no seu caso, así como do resto de administracións que poidan estar afectadas.

**Información pública:** no caso de que o proxecto de construción se someta aos trámites de información pública en materia de estradas e ao informe das administracións afectadas, indicaranse as determinacións urbanísticas do plan municipal que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación e o prazo para realizar a correspondente adecuación.

**Ocupación de terreos:** darase conta da necesidade de ocupación de terreos para a execución das obras e máis un cadro resumo de superficies segundo a súa clasificación urbanística, que se pormenorizará no anexo correspondente.

**Medio ambiente:** xustificarase o cumprimento da declaración de impacto ambiental correspondente ao estudo informativo, anteprojecto ou proxecto de trazado cando no proxecto de construción se desenvolva un documento dese tipo que fose sometido ao trámite de avaliación ambiental, sen prexuízo, de ser o caso, dos efectos derivados do acordo de resolución de discrepancias respecto da devandita declaración de impacto ambiental. De igual modo, xustificarase o cumprimento do resto de normativa sectorial en materia de protección ambiental.

**Accesibilidade:** xustificarase o cumprimento da normativa sectorial en materia de accesibilidade que sexa de aplicación segundo a natureza da obra.



**Normativa de contratos:** incluírase, se procede, a determinación da clasificación exigible ao contratista (grupo, subgrupo e categoría). Incluírase a fórmula de revisión de prezos e a determinación de obra completa.

**Orzamentos:** recollerase o orzamento de execución material das obras e o orzamento base de licitación, con e sen o IVE, así como o orzamento para o coñecemento da administración, se procede.

**Prazos:** farase referencia ao prazo previsto para a execución das obras a partir da data da firma da acta de comprobación do replanteo e o prazo de garantía a partir da firma da acta de recepción das obras.

**Índice:** como peche da memoria farase unha listaxe dos documentos que integran o proxecto: memoria e todos os seus anexos, planos numerados coa súa designación, prego de prescricións técnicas particulares, medicións, orzamentos e demais.

Cada apartado da memoria descritiva, no caso de ser necesario pola súa extensión, desenvolverase no seu correspondente anexo, na que se deixará un resumo ou introdución deste cos principais datos.

## **b) Anexos**

Incluíranse os anexos precisos para desenvolver todos os datos e o contido da memoria descritiva. Polo mesmo motivo, cando un anexo resulte demasiado curto ou sinxelo recoméndase integralo na memoria descritiva.

De maneira non limitativa deben constar os seguintes anexos:

1. Situación actual e reportaxe fotográfica.
2. Topografía e referencias de todo tipo para o replanteo da obra, con coordenadas das bases de replanteo no sistema ETRS89.
3. Xeoloxía e xeotecnia. O estudo xeotécnico do terreo sobre o que se vai executar a obra, salvo que resulte incompatible coa súa natureza.
4. Anexo de integración ambiental.
5. Anexo de necesidades de ocupación de terreos (no caso de ocupacións). Describirá en todos os aspectos materiais e xurídicos os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias.





6. Anexo de coordinación con outros organismos.
7. Anexo de reposición de servizos afectados, agás os inherentes ao proxecto principal.
8. Anexo da implantación da obra, no caso de afectar a tramos de vías, que incluíra medidas para garantir a fluidez e a seguridade da circulación nos tramos de vías afectadas pola execución das obras, con expresión dos desvíos de circulación propostos e dos períodos en que se poida perturbar a devandita circulación; tamén a ordenación de accesos e a reordenación dos existentes e a sinalización fixa e variable, balizamento, defensas e outras medidas para a xestión da circulación nos tramos de estradas obxecto do proxecto, tanto durante a execución das obras coma durante a súa posterior explotación.
9. Anexo do cumprimento das especificacións do Código técnico de edificación, segundo o Real decreto 314/2006, de 17 de marzo.
10. Anexo de cumprimento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro.
11. Anexo do plan de control de calidade, segundo medicións do proxecto e dando cumprimento á normativa que corresponda, PG3, EHE, REBT etc., e ao PPTP.
12. Anexo de estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que se faga unha estimación da cantidade de residuos xerados e unha valoración do custo previsto para a súa xestión, que debe figurar con carácter independente do orzamento, así como o resto do contido esixido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro.
13. Anexo de estudo de seguridade e saúde ou estudo básico de seguridade e saúde.
14. Anexo de plan de obra: mediante diagrama de barras, por capítulos e meses, con custos parciais, acumulados e totais, e en tantos por cento de cada un.
15. O certificado de eficiencia enerxética en edificios de nova construción e demais ámbitos de aplicación, segundo o Real decreto 390/2021, de 1 de xuño.
16. Anexo de xustificación de prezos, que estará formado por:
  - a. Cadro e custo da man de obra.
  - b. Cadro e custo da maquinaria.
  - c. Cadro e custo dos materiais.



- d. Xustificación de prezos (custos auxiliares, directos, indirectos, prezos unitarios de execución material e partidas alzadas de aboamento íntegro).
  - e. Listaxe de prezos auxiliares descompostos (non incluírán os custos directos).
  - f. Listaxe de prezos descompostos (poderán incluír os custos directos).
17. Orzamento para o coñecemento da Administración, desagregado.

### **c) Planos**

Débense incluír todos os planos de situación xerais, de conxunto e de detalle necesarios para que o conxunto da obra quede completamente definido.

Debuxaranse en formato DINA1, á escala conveniente (planos de conxunto e detalles) e imprimíranse en formato DINA3, á escala metade do orixinal.

Conterá un índice de planos que indique todos os incluídos no documento e o número de follas de cada un.

### **d) Prego de prescricións técnicas particulares**

Nel débense describir as obras e regularse a execución daquelas, coa especificación da forma de execución, os deberes de carácter técnico, o sistema de medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

### **e) Orzamento**

Comprenderá os gastos de execución da obra e pode estar integrado por distintos orzamentos parciais, no cal consten os prezos unitarios e os desagregados, se procede, o estado das medicións e os detalles para a súa valoración. Estará composto por medicións, cadro de prezos núm. 1, cadro de prezos núm. 2, orzamento e resumo do orzamento que especificará o orzamento de execución material, o orzamento base de licitación, con e sen o IVE.

### **f) Outras consideracións**

Nos casos e na forma en que así o permita a lexislación vixente en materia de contratos do sector público, poderase simplificar, refundir ou mesmo suprimir algún ou algúns dos documentos anteriores, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar ou executar as obras comprendidas. Neses casos, incluírase na memoria a xustificación das simplificacións ou supresións de documentos realizadas.



En todo caso, aplicarase o disposto para estes efectos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2011, ou normas que as substitúan; e demais normativa de aplicación.”

2º. Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e quince minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

